

## As laranxas de Alí Babá

**Carlos Negro**

### Formas de citación recomendadas


#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

NEGRO, CARLOS (2011 [1998]). *As laranxas de Alí Babá*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/383>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

NEGRO, CARLOS (1998). *As laranxas de Alí Babá*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal.

\* Edición dispoñíbel desde o 15 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



# as laranxas de alí babá

carlos negro





# as laranxas de alí babá

carlos negro



as laranxas de alí babá  
© Carlos Negro  
Letras de Cal

Ilustración:  
Álvaro Negro

Edita:  
A. C. Amaía  
Apdo. 142, Compostela  
Galiza, abril 1998

Imprime:  
Litosprint, S.L. - Pontevedra

ISBN: 84-922620-5-2  
D. L.: PO-145/98

para carne

para meu avó  
inventor de bichinhos impossibles



Porque eu debo querela como se querían os  
príncipes nos contos de Grimm, ou Andersen,  
cando desexar aínda era útil.  
Nada máis. Nada menos.

(lois pereiro)





**e** todo acontecía case sen querer  
no interior dun país imposible  
de tan precioso e laranxa que era



o domador de tigres



**e**u quero ser domador de tigres repetía desde ben pequeno alí babá cando a xente de barba branca lle preguntaba que quería ser el de maior e sempre se atopaban coa mesma resposta unha fe de xigante no fondo profundo dos ollos domador de tigres como aqueles que vía pasar tantas veces desde a cima dos outeiros encerrados nas gaiolas de camións enormes con anuncios de circo tigres que vistos de lonxe semellaban laranxas a raias con patas froitos exóticos coa pel tatuada da alegría luminosa dos lugares onde nace o sol se cadra das estremas de oriente de onde tamén debían vir as laranxas famosas da china que agora incendiaban de luz todas as hortas de onda o río e cando os camións cruzaban os lugares habitados do reino e os tigres ruxían como tiñan por costume din que se cortaba o leite no peito das nais e que se sentía tremer o aire todo igualiño có pétalo máis pequeneiro dunha débil flor e con tanto susto os paxaros botábanse a voar de golpe e sen eles sabelo ían deixando no tapiz do ceo un ronsel de plumas un arco da vella de centos de cores distintas e teñen bocas grandes coma un mundo exclamaba a xente asombrada ante as fauces abertas dos tigres aínda que poucos sabían calcular que de grande era o mundo se cadra do tamaño dos pasos da xente que o anda razoaban os vellos pero o máis certo era que os tigres tiñan alborotada á fauna toda do país e ata mesmo os trasnos máis trastes deixaran de cismar entre eles ó escoitaren aqueles ruxidos porque o máis propio dos trasnos era rebulir e xogar e prender lume no corpo das persoas e a aquel lume chamábanlle amor na parroquia de alí babá e cariño de calor de pan noutros sitios pero o nome viña sendo o de menos o caso é que por culpa del mulleres e homes perdían o norte e a compostura e íaselles poñendo a pel de galiña e o corazón de pluma e comezaban a sentir un proído alá por

dentro un ansia inmensa de abrazos de oso un frío alegre por baixo da pel que só atopaba remedio coa calor que se entregaban os uns ós outros de tal xeito que os propios corpos se lles ían esvaecendo evaporando case sen querer igualiño ca gases lixeiros ou vento xoguetón e mesmo lles medraba a sensación de poder voar de aboiar no aire e daquela xa ninguén se atrevía a discutir se mulleres e homes eran globos ou soles ou tigres ou laranxas porque así tan xuntos e volátiles a ver quen era capaz de distinguilos polo dereito e entón había que dar aviso a alí babá para que se puxese serio como mago domador que dicía que era a ver se poñía orde e concerto en cada persoa e en cada palabra non fose o demo que se lles desordenase o país bonito aquel das hortas e mazás porque que país sería aquel se se confundisen a cotío os soles coas laranxas e os tigres cos amantes e os ollos dos amantes coas illas do mar e os ríos coas bágoas das nubes e así todo e de quen é a culpa de que aconteza isto preguntaban alporizadas as autoridades do reino e alí babá encollíase de ombros e botáballa ós trasnos ou ó mal tempo aínda que el sospeitase que todo era culpa daqueles seres chamados poetas que de cando en vez saían de debaixo das pedras e que tanto gustaban de chamar ás cousas polo nome contrario ó que as autoridades consideraban correcto ganas de amolar que tiñan e no fondo a alí babá aquilo semelláballe ben divertido porque a el o único que lle interesaba era gozar da beleza dos tigres e que seguisen a pasar ano tras ano polos lugares habitados do reino e ademais andaba a matinar en ceibalos das gaiolas algún día por ver de lles quitar a tristeza mansa dos ollos e de paso por encher con nova alegría as paisaxes redondas do país que se leva por dentro porque que fermosa estampa farían os tigres no medio dun reino tan verde e que gusto

velos desde a cima dos outeiros pola tardiña desde o recuncho secreto onde alí babá aprende pouco a pouco a deitarse a modiño na herba a pensar nos biosbardos a deixar fuxir o tempo mentres vai debuxando coa mente animais bonitos na silueta das nubes cantos de grilo no vento e formigas agarimosas na pel de cada corpo mentres vai imaxinando as palabras máxicas que aínda non foron pronunciadas por ninguén porque sucede que alí babá era pequeno e aínda non era o señor dos soños laranxas que lle ían acontecer moito moito despois sen saber se serían certos ou se cadra non





o señor do cofre



Canso de viaxar en alfombras de nube  
detivo os seus pasos que viñan de lonxe

no lugar onde madurece o millo  
e arrecende a horta e mazá  
atopou repouso

traía rostro de conto  
chinelas de papel  
e barba de dúas puntas

e traía tamén con el  
o cofre secreto  
onde gardaba un tesouro

ata onde lle alcanzaba a memoria  
el sempre fora o señor do cofre

e o seu tesouro eran laranxas  
das hortas de onda o río  
do país onde nacera

o país onde o sol converte en froita a luz  
e a auga da chuvia en vagalumes

aquel tesouro  
bebíase cos ollos e cos dedos  
e sabía a bicos de ser querido

daquela ciscou as laranxas  
derriba da herba dun prado  
e botouse a descansar

aquelas laranxas  
semellaban unha selva  
de soles pequenos

e por medo de que llas levaran  
puxo de gardiáns a corenta trasnos  
que levaba sempre no peto por se acaso

despois xa descansou de vez  
primeiro ata o sétimo día  
e logo ata que llo pediu o corpo

e cando por fin despertou  
cantaban o cuco e o merlo  
e naceran laranxeiras novas

pero aínda pasou cen días  
deitado na herba do prado  
a fitar o paso das nubes  
e os debuxos que nelas ían

gustáballe tanto aquel país  
que xa para sempre nunca marchou

fixose malabarista de laranxas  
e mago de palabras nas feiras  
por ver de gañar a vida como todos

e ofrecía abracadabras  
a vinte pesos o quilo  
para xentes de mirada triste



pero unha mañá de abril  
descubriuna a ela

ela que respiraba co bico dos dedos  
e agarimaba co aire dos pulmóns

ela que levaba o outono nos ollos  
e un río de misterios suaves  
por baixo da pel

ó primeiro faláronse con moito tino  
con cortesías dos namorados de antes

pero había tantas sorpresas e promesas  
que non lles abundaba o tempo  
para irse collendo o xeito

e non foron quen de agardaren máis

entón ela regaloulle o seu nome  
o tacto de formiga das cousas pequenas  
e o idioma secreto que sabe o silencio

entón el regaloulle o seu cofre  
a luz inmensa das laranxas todas  
e a memoria de cada viaxe

empezaron a pasear xuntos  
e mentres se contaban historias  
fóronselles indo os días e as vidas

todo ocorreu case sen darse de conta  
porque así ten que ser nos contos bonitos

tamén el lle confesou o seu nome  
unha vez que ninguén escoitaba

alí babá  
chámome alí babá  
e o meu nome é o teu

entón ela repetiu alí babá  
e a palabra entróuselle polo medio do peito  
e levaba eco de laranxas de oriente  
de oasis de mel que se derreten na boca

e ela gardouna en secreto  
e fixo do silencio un tesouro  
e do cariño unha cova grande  
para viviren xuntos os dous

e no país onde aínda habitan  
medran en silencio as laranxeiras  
e a memoria das nubes nos ríos

no país que se leva por dentro





o señor dos trasnos



*a*índa durmían os biosbardos  
no reino secreto dos outeiros

pero el xa levaba tempo  
cos ollos abertos

nacéralle un soño na alma de mago  
e sentía rebulir dentro a ferverza  
das ilusións que están por cumprir

co sangue a burbullar ergueuse cedo  
cando aínda nacía a mañanciña

antes de facer nada  
lavou nunha fonte  
a cara e as mans  
e logo o corpo todo

ben sabía desde antigo  
que o cariño de crear  
precisa de sentirse limpo

logo baixou onda o río  
e colleu unha cunca de auga  
nada no bico da montaña

aquela auga era tan pura  
que tivo que tocala cos dedos  
para non confundila co aire

despois agardou polo sol  
e cando estivo no máis alto  
capturou a luz no río manso  
que lle servía de espello

e a luz aquela  
era un fío de lume  
do arco novo da vella

e onde mellor medraban  
as flores e as árbores  
pillou unha presa de terra

daquela terra que levaba dentro  
a raíz da herba e dos bichos todos  
e a memoria miúda dos que un día morreron



logo sentou derriba dunha pena  
e sacou do peto os corenta trasnos  
que gardaban a maxia dos partos

e durante sete días e sete noites  
amasaron en carne a auga do río  
e sacaron do sol o sabor a luz  
e da terra a tona redonda da pel

e tralo sétimo día de labor  
os trasnos puxéronlle sobre as mans  
unha semente do grandor das formigas

el colleuna con suavidade de nube  
e levouna á boca para lle dar un bico  
e por fin quentouna na calor do colo

pero aínda pasaron outros tres días  
ata que a semente abriu en flor  
para lle corresponder a tanto cariño

pero cando abriu  
iluminouno todo  
e deulles sentido  
á maxia e ós ritos

porque o amor pide paciencia  
para ir medrando con xeito  
alí onde nunca houbo nada

ela era redonda como barriga de nai  
incandescente como a alegría do sol  
e sabía a auga con aires de neve

era a primeira laranxa  
das hortas do mundo

e alí babá sorriu para si  
vendo que lle valera a pena  
perder o sono por aquel soño

e tan ben sabía e tanta xeitura tiña  
que foi sementando de laranxeiras os camiños  
para que ninguén esquecese o sabor e a luz do paraíso

o lugar sagrado



**e** se algún día a sombra toma posesión dos territorios de  
dentro  
e o reino enteiro comeza a derrubarse en mil anacos de  
ruína  
ha ser ela quen regrese a casa coa calor de pan e o cariño  
todo  
coa brasa da fe prendida dos dedos e coa memoria  
miúda do amor  
que irá recollendo polo mundo adiante no corazón das  
xentes  
e ha ser ela quen prenda de novo o lume sagrado do oco  
cova  
a lareira onde arda o medo lobo que vén de tan lonxe e  
de tan vello  
e ha ser ela quen recobre a luz esplendorosa do bosque  
de laranxas  
a luz do sol que aínda segue a iluminar todas as hortas  
de onda o río  
todos os lugares que cruzan as nubes no país que se leva  
por dentro





Este libro rematouse  
de imprimir nos talleres de Litosprint  
27 anos despois da victoria cubana  
en Playa Girón.



Outono, ano setenta, Lalín; palabras das que nazo e que me sitúan nun entorno cotián, desde aqueles debuxos de Heidi ata esta sociedade consumista e virtual que nos enche de imaxes os ollos, pero que nos baleira de nubes a imaxinación. Agora vivo en Santiago, e o meu cerne é tamén desta cidade que me foi creando distinto a min mesmo.

De cando neno, había rombos naquela realidade gris, pero tamén un xardín onde xoguei a apache, unha tenda de estantes multicolores, a fariña albeira dun muiño e outras vivencias que me ateigan.

Antes destas palabras, probei a escribir outras, pero case todo rematou nos caixóns do olvido ou nas mans desaxente que che admite calquera debilidade, porque che garda cariño; intento aprender e comprender este oficio, aínda que un nunca remata por saber.

Este libro quixo saír luminoso e sensual como a esencia da laranxa que lle deu forma e contido; gostei de sentirme neno e adulto a un tempo, e deste finximento imposible xurdiu un conto que ás veces semella un poema; todo nel é mentira, pero procurei que nada fose falso. E se por acaso se albisca certa ilusión, esa será a mellor maxia que souben ofrecer.

